

16. Decisión 90/13/CEE, da Comisión, do 20 de decembro de 1989, relativa ao procedemento que se debe seguir para modificar ou completar as listas de establecementos autorizados nos países terceiros para a importación de carnes frescas na Comunidade.

17. Decisión 87/431/CEE, da Comisión, do 28 de xullo de 1987, relativa á lista de establecementos de Swazilandia autorizados para a importación na Comunidade de carnes frescas.

18. Decisión 87/424/CEE, da Comisión, do 14 de xullo de 1987, relativa á lista de establecementos dos Estados Unidos Mexicanos autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

19. Decisión 87/258/CEE, da Comisión, do 28 de abril de 1987, relativa á lista de establecementos de Canadá autorizados para efectos de importación de carnes frescas na Comunidade.

20. Decisión 87/257/CEE, da Comisión, do 28 de abril de 1987, relativa á lista de establecementos dos Estados Unidos de América autorizados para efectos de importación de carnes frescas na Comunidade.

21. Decisión 87/124/CEE, da Comisión, do 19 de xaneiro de 1987, relativa á lista de establecementos de Chile autorizados para efectos da importación de carnes frescas na Comunidade.

22. Decisión 86/474/CEE, da Comisión, do 11 de setembro de 1986, relativa á aplicación dos controis nas dependencias correspondentes efectuados no marco do réxime aplicable ás importacións de animais da especie bovina e porcina, así como de carnes frescas procedentes de países terceiros.

23. Decisión 86/65/CEE, da Comisión, do 13 de febreiro de 1986, relativa á lista de establecementos de Marrocos autorizados para a importación na Comunidade de carnes frescas.

24. Decisión 85/539/CEE, da Comisión, do 29 de novembro de 1985, relativa á lista de establecementos de Grenlandia autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

25. Decisión 84/24/CEE, da Comisión, do 23 de decembro de 1983, relativa á lista dos establecementos de Islandia autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

26. Decisión 83/423/CEE, da Comisión, do 29 de xullo de 1983, relativa á lista de establecementos da República do Paraguai autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

27. Decisión 83/402/CEE, da Comisión, do 29 de xullo de 1983, relativa á lista de establecementos de Nova Celandia autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

28. Decisión 83/384/CEE, da Comisión, do 29 de xullo de 1983, relativa á lista de establecementos de Australia autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

29. Decisión 83/243/CEE, da Comisión, do 10 de maio de 1983, relativa á lista de establecementos da República de Botswana autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

30. Decisión 83/218/CEE, da Comisión, do 22 de abril de 1983, relativa á lista de establecementos da República Socialista de Romanía autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

31. Decisión 82/923/CEE, da Comisión, do 17 de decembro de 1982, relativa aos establecementos da República de Guatemala dos que os Estados membros poden autorizar a importación de carnes frescas.

32. Decisión 82/913/CEE, da Comisión, do 16 de decembro de 1982, relativa á lista de establecementos da República de Sudáfrica e de Namibia autorizados para a importación de carnes frescas na Comunidade.

33. Decisión 82/735/CEE, do Consello, do 18 de outubro de 1982, relativa á lista de establecementos da Repú-

blica Popular de Bulgaria autorizados para a exportación de carnes frescas á Comunidade.

34. Decisión 82/734/CEE, do Consello, do 18 de outubro de 1982, relativa á lista de establecementos da Confederación Suíza autorizados para a exportación de carnes frescas á Comunidade.

35. Decisión 81/713/CEE, da Comisión, do 28 de xullo de 1981, relativa á lista dos establecementos da República Federativa do Brasil autorizados para a importación na Comunidade de carnes frescas de vacún e de carnes de solípedos domésticos.

36. Decisión 81/92/CEE, da Comisión, do 30 de xaneiro de 1981, relativa á lista dos establecementos da República Oriental do Uruguai autorizados para a importación na Comunidade de carnes frescas de vacún e de ovino, así como de solípedos domésticos.

37. Decisión 81/91/CEE, da Comisión, do 30 de xaneiro de 1981, relativa á lista dos establecementos da República Arxentina autorizados para a importación na Comunidade de carnes frescas de vacún e de ovino, así como de solípedos domésticos.

38. Decisión 79/542/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1979, pola que se confecciona unha lista de países terceiros ou as súas partes, e pola que se establecen as condicións zoosanitarias, de saúde pública e de certificación veterinaria para a importación á Comunidade de determinados animais vivos e das súas carnes frescas.

39. Decisión 78/685/CEE, da Comisión, do 26 de xullo de 1978, pola que se establece unha lista de enfermidades epizoóticas conforme as disposicións da Directiva 72/462/CEE.

(1) Rísquese o que non proceda.»

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

16052 *REAL DECRETO 1089/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os métodos de mostraxe e de análise para o control oficial do contido de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios. («BOE» 232, do 28-9-2005.)*

A Directiva 2005/10/CE da Comisión, do 4 de febreiro de 2005, pola que se establecen os métodos de mostraxe e de análise para o control oficial do contido de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios, regula os procedementos de mostraxe e os métodos de análise que se deberán aplicar para o control oficial do contido máximo de benzo(a)pireno nos alimentos recollidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 466/2001 da Comisión, do 8 de marzo de 2001, polo que se fixa o contido máximo de determinados contaminantes nos produtos alimenticios.

O referido anexo I do Regulamento (CE) n.º 466/2001 recolle os grupos de alimentos susceptibles de conter benzo(a)pireno, así como os límites máximos deste contaminante permitidos neles. Os grupos de alimentos aos cales se aplica esta disposición son os aceites e graxas destinados ao consumo humano directo ou como ingrediente dos produtos alimenticios; os produtos alimenticios destinados a lactantes e nenos de curta idade; os alimentos infantís e alimentos elaborados a base de cereais para lactantes e nenos de curta idade; os preparados para lactantes e preparados de continuación, incluídos o leite para lactantes e o leite de continuación; os alimentos die-

téticos destinados a usos médicos especiais dirixidos especificamente aos lactantes; as carnes afumadas e os produtos cárnicos afumados; a carne de peixe afumado e os produtos pesqueiros afumados, excluídos os moluscos bivalvos; a carne de peixe non afumada; os crustáceos e cefalópodos non afumados e moluscos bivalvos.

A citada Directiva 2005/10/CE fixa os criterios xerais que deben cumprir os métodos de análise para que os laboratorios encargados do control oficial utilicen aqueles cuxos resultados poidan ser comparables. Estes criterios xerais serven tamén para que os resultados analíticos se comuniquen e interpreten de xeito uniforme, co fin de garantir un enfoque harmonizado na aplicación destes criterios na Unión Europea.

Polo que respecta ao control oficial, o Real decreto 50/1993, do 15 de xaneiro, polo que se regula o control oficial dos produtos alimenticios, establece os principios xerais para a realización do control dos produtos alimenticios e inclúe, entre outras operacións, a toma de mostras e a análise dos parámetros analíticos nos distintos grupos de alimentos. Pola súa parte, o Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial de produtos alimenticios, regula a cualificación técnica e profesional dos axentes que interveñen no control oficial dos produtos alimenticios, así como un sistema de calidade para os laboratorios encargados de realizar os devanditos controis.

En relación cos procedementos de inspección, o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, establece os procedementos de inspección durante a toma de mostras de produtos alimenticios e especifica as mostras legais que deben tomar para realizar o control oficial de alimentos.

Neste marco normativo, faise preciso agora incorporar ao noso ordenamento xurídico interno, mediante este real decreto, a Directiva 2005/10/CE da Comisión, do 4 de febreiro de 2005, para regular os procedementos de mostraxe e os métodos de análise para o control de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios para os cales se determinaron normativamente contidos máximos.

Na elaboración deste real decreto foron oídos os sectores afectados e as comunidades autónomas, e emitiu informe preceptivo a Comisión interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e de acordo co establecido nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2005,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Toma de mostras para o control oficial.*

A toma de mostras para o control oficial do contido máximo de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios realizarase de acordo cos métodos descritos no anexo I.

Artigo 2. *Preparación de mostras e métodos de análise.*

A preparación da mostra e o método de análise utilizados para o control oficial do contido de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios realizarase de acordo cos criterios descritos no anexo II.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade cos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade,

e ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, así como en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto e, en particular, para adaptar os anexos ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO I

Métodos de toma de mostras para o control oficial do contido de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios

1. Obxecto e ámbito de aplicación. As mostras destinadas aos controis oficiais do contido máximo de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios recollidos no Regulamento (CE) n.º 466/2001 da Comisión, do 8 de marzo de 2001, polo que se fixa o contido máximo de determinados contaminantes nos produtos alimenticios, tomaranse de acordo cos métodos descritos a continuación. As mostras globais así obtidas consideraranse representativas dos lotes.

A conformidade dos lotes determinarase en función dos contidos de benzo(a)pireno atopados nas mostras de laboratorio e de acordo cos contidos máximos fixados no Regulamento (CE) n.º 466/2001.

2. Definicións.

a) Lote: cantidade de produto alimenticio identificable entregada dunha vez e que presenta, ao xuízo do axente responsable, características comúns, como a orixe, a variedade, o tipo de envase, o envasador, o expedidor ou a etiquetaxe.

b) Sublote: parte dun lote máis grande designada para aplicar sobre ela o método de toma de mostras. Cada sublote deberá estar separado fisicamente e ser identificable.

c) Mostra elemental: cantidade de material tomada nun único punto do lote ou sublote.

d) Mostra global: agregación de todas as mostras elementais tomadas do lote ou sublote.

e) Mostra de laboratorio: mostra destinada ao laboratorio.

3. Disposicións xerais.

a) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas para o mercado interior, e o Ministerio de Sanidade e Consumo para o comercio extracomunitario.

b) Persoal: a toma de mostras deberá ser efectuada por persoal autorizado para tal efecto polas autoridades competentes.

c) Produto: todo lote ou sublote que se vaia examinar será obxecto dunha mostraxe separada.

d) Precaucións: durante a mostraxe e a preparación das mostras, deberán tomarse precaucións para evitar toda alte-

ración que poida afectar o contido de benzo(a)pireno, influír de xeito adverso na determinación analítica ou invalidar a representatividade das mostras globais.

e) **Mostras elementais:** na medida do posible, as mostras elementais tomaranse en distintos puntos do lote ou sublote. Calquera excepción a este requisito recollerase na acta prevista no punto 3.i).

f) **Preparación da mostra global:** a mostra global obtense agrupando todas as mostras elementais. Esta mostra global homoxeneízase no laboratorio, a menos que sexa incompatible co disposto no punto 3.g).

g) **Mostras idénticas de laboratorio:** tomaranse mostras idénticas de laboratorio a partir da mostra global homoxeneizada, cando sexa posible, para os efectos comerciais, de arbitraje ou de control oficial para a realización das análises inicial, contraditoria e dirimente, segundo o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e demais disposicións que resulten de aplicación en cada caso.

h) **Acondicionamento e envío das mostras:** cada mostra deberá colocarse nun recipiente limpo, de material inerte, que ofrezca unha protección adecuada contra a contaminación e a deterioración que poidesen resultar do transporte. Deberán tomarse todas as precaucións necesarias para evitar calquera modificación da composición da mostra que puidese acontecer durante o transporte ou o almacenamento.

i) **Precintado e etiquetaxe das mostras:** cada mostra oficial precintarse no lugar da mostraxe e identificarse segundo o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, e demais disposicións que resulten de aplicación en cada caso.

En cada toma de mostras redactarase unha acta que permita identificar sen ambigüidade o lote mostrado e que indique a data e o lugar da mostraxe, así como toda información adicional que lle poida resultar útil ao analista.

4. **Plans de mostraxe.** O método de mostraxe utilizado garantirá que a mostra global sexa representativa do lote que se vaia controlar.

a) **Número de mostras elementais:** no caso dos aceites, para os que se supón unha distribución homoxénea do benzo(a)pireno nun lote determinado, abondará con tomar tres mostras elementais por cada lote para formar a mostra global. Deberá indicarse o número de lote.

Polo que respecta ao aceite de oliva e o aceite de bagazo de oliva, o Regulamento (CE) n.º 1989/2003 da Comisión, do 6 de novembro de 2003, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 2568/91, relativo ás características dos aceites de oliva e dos aceites de bagazo de oliva e sobre os seus métodos de análise, proporciona máis información relativa á mostraxe.

Para os demais produtos, o número mínimo de mostras elementais que deben tomarse do lote será o indicado no cadro 1. As mostras elementais serán dun peso similar, superior ou igual a 100 g cada unha, o que dará como resultado unha mostra global dun peso superior ou igual a 300 g (véxase o punto 3.f).

CADRO 1

Número mínimo de mostras elementais que deben tomarse do lote

Peso do lote (expresado en kg)	Número mínimo de mostras elementais que deben tomarse
< 50	3
50 a 500	5
> 500	10

Se o lote está formado por envases individuais, o número de envases que deben tomarse para formar a mostra global indicase no cadro 2.

CADRO 2

Número de envases (mostras elementais) que deben tomarse para formar unha mostra global se o lote está formado por envases individuais

Número de envases ou unidades do lote ou sublote	Número de envases ou unidades que deben tomarse
1 a 25	Un envase ou unidade.
26 a 100	Aproximadamente 5% polo menos dous envases ou unidades.
> 100	Aproximadamente 5% como máximo 10 envases ou unidades.

b) **Mostraxe na fase de comercio retalista:** a mostraxe que deberá aplicarse na fase de comercio retalista debe realizarse, sempre que sexa posible, de conformidade coas disposicións para a mostraxe mencionadas anteriormente. No caso de que non sexa posible, poderán aplicarse outros métodos de mostraxe eficaces, sempre que garantan unha representatividade suficiente do lote ou sublote obxecto de mostraxe.

5. **Conformidade do lote ou sublote.**

a) Nos casos en que o resultado obtido na primeira análise sexa superior ou inferior en menos dun 20 por cento ao contido máximo, o laboratorio de control oficial realizará análises duplicadas da mostra de laboratorio tomada para garantir o cumprimento da normativa e calculará a media dos resultados.

b) O lote será aceptado se o resultado da primeira análise ou, no caso de que sexa necesario efectuar análises duplicadas, a media dos resultados non supera o contido máximo establecido no Regulamento (CE) n.º 466/2001, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.

c) O lote non cumprirá co contido máximo establecido no Regulamento (CE) n.º 466/2001 cando o resultado da primeira análise ou, no caso de que sexa necesario efectuar análises duplicadas, a media dos resultados supera, fóra de toda dúbida razoable, o dito contido máximo tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.

ANEXO II

Preparación das mostras e criterios que deben cumprir os métodos de análise para o control oficial do contido de benzo(a)pireno nos produtos alimenticios

1. **Precaucións e consideracións xerais relativas ao benzo(a)pireno nas mostras de alimentos.**

a) O requisito básico é obter unha mostra de laboratorio representativa e homoxénea sen introducir contaminación secundaria.

b) Deberá garantirse que as mostras non se contaminen durante a preparación da mostra. Os recipientes laranse con acetona ou hexano de gran pureza (p.A. grao HPLC ou equivalente) antes de utilizalos, co fin de minimizar o risco de contaminación. Sempre que sexa posible, os aparellos que entren en contacto coa mostra deberán estar fabricados con material inerte, como aluminio, vidro ou aceiro inoxidable pulido. Evitaranse os plásticos tales como o polipropileno, o teflón, etc., porque o analito se pode absorber nestes materiais.

c) Deberá usarse a totalidade das mostras recibidas polo laboratorio para a preparación da mostra de ensaio.

Só as mostras moi finamente homoxeneizadas darán resultados reproducibles.

d) Existen moitos procedementos específicos satisfactorios para a preparación da mostra que se poden utilizar.

2. Tratamento da mostra recibida no laboratorio.—Na medida do posible, triturarase finamente e mesturase coidadosamente a mostra global na súa integridade segundo un método recoñecido que garanta unha completa homoxeneización.

3. Subdivisión das mostras para medidas executorias e accións de defensa.—As mostras idénticas tomadas, para os efectos comerciais, de arbitraje ou de control oficial para a realización das análises inicial, contraditoria e dirimente, segundo o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e demais disposicións que resulten de aplicación en cada caso, deberán proceder de material homoxeneizado, cando sexa posible.

4. Método de análise que utilizará o laboratorio e medidas de control do laboratorio.

a) Definicións: a continuación recóllense algunhas das definicións máis comunmente utilizadas que o laboratorio deberá aplicar:

r = repetibilidade: valor por debaixo do cal pode esperar que se sitúe a diferenza absoluta entre os resultados de dous ensaios particulares obtidos en condicións de repetibilidade (é dicir, coa mesma mostra o mesmo operario, o mesmo instrumental, no mesmo laboratorio e nun breve intervalo de tempo) dentro dos límites dunha probabilidade específica (en principio 95 por cento); de onde: $r = 2,8 \times s_r$.

s_r = Desviación típica calculada a partir dos resultados obtidos en condicións de repetibilidade.

RSD_r = desviación típica relativa calculada a partir dos resultados obtidos en condicións de repetibilidade $[(s_r / x) \times 100]$.

R = reproducibilidade: valor por debaixo do cal pode esperar que se sitúe a diferenza absoluta entre os resultados de ensaios particulares obtidos en condicións de reproducibilidade (é dicir, con material idéntico obtido por operarios en distintos laboratorios, utilizando o método de ensaio normalizado) dentro dos límites dunha probabilidade específica (en principio, 95%); $R = 2,8 \times s_r$.

s_r = desviación típica calculada a partir de resultados obtidos en condicións de reproducibilidade.

RSD_r = desviación típica relativa calculada a partir dos resultados obtidos en condicións de reproducibilidade $[(s_r / x) \times 100]$ onde representa a media dos resultados de todos os laboratorios e mostras.

$HORRAT_r$ = a RSD_r observada dividida polo valor RSD_r estimado coa ecuación de Horwitz (referencia 1) utilizando a hipótese $r = 0,66R$.

$HORRAT_r$ = o valor RSD_r observado dividido polo valor RSD_r calculado coa ecuación de Horwitz.

U = a incerteza expandida utilizando un factor de cobertura de dous, o que dá un nivel de confianza do 95 por cento, aproximadamente.

b) Requisitos xerais: os métodos de análise utilizados para o control oficial dos produtos alimenticios deberán cumprir o regulado no Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial dos produtos alimenticios.

c) Requisitos específicos:

1.º Mentres non se prescriba a escala comunitaria ningún método específico para a determinación do contido de benzo(a)pireno nos alimentos, os laboratorios poderán aplicar calquera método validado da súa elección, coa condición de que o método seleccionado se axuste aos criterios de aptitude que se indican no cadro.

Conviría que a validación incluíse un material certificado de referencia.

CADRO

Criterios de aptitude para os métodos de análise de benzo(a)pireno

Parámetro	Valor/comentario
Aplicabilidade.	Alimentos especificados no Regulamento (CE) n.º 208/2005.
Límite de detección.	Inferior ou igual a 0,3 µg/kg.
Límite de cuantificación.	Inferior ou igual a 0,9 µg/kg.
Precisión.	Valores $HORRAT_r$ ou $HORRAT_r$ inferiores a 1,5 no ensaio colaborativo de validación.
Recuperación.	50% –120%
Especificidade.	Libre de interferencias da matriz ou do espectro, verificación de detección positiva.

2.º Criterios de aptitude-enfoque da función de incerteza. De todos os xeitos, tamén se pode empregar un enfoque de incerteza para avaliar a idoneidade do método de análise que vai utilizar o laboratorio. O laboratorio pode utilizar un método que presente resultados cunha incerteza estándar máxima, que se pode calcular por medio da seguinte fórmula:

$$U_f = \sqrt{(LOD/2)^2 + (0,2C)^2}$$

onde:

U_f é a incerteza estándar máxima.

LOD é o límite de detección do método.

C é a concentración de interese.

Se un método analítico proporciona resultados con medicións da incerteza inferiores á incerteza estándar máxima, o método será igual de axeitado que un que se axuste aos criterios de aptitude que se indican no cadro.

d) Cálculo do factor de recuperación e expresión dos resultados: o resultado analítico expresarase en forma corrixida ou sen corrixir en función da recuperación. Deberán indicarse a forma de expresión e o factor de recuperación.

O resultado analítico corrixido en función da recuperación utilizarase para a conformidade do lote, segundo o punto 5 do anexo I.

Terase en conta o informe da Comisión Europea sobre a relación existente entre os resultados analíticos, a medición da incerteza, os factores de recuperación e as disposicións previstas na lexislación alimentaria da Unión Europea (referencia 2).

O resultado analítico expresarase como $x \pm U$, sendo x o resultado analítico e U a incerteza da medida.

e) Normas de calidade aplicables aos laboratorios: os laboratorios deberán axustarse ao regulado no Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial dos produtos alimenticios.

f) Outras consideracións para a análise:

1.º Ensaio de aptitude. A participación en plans apropiados de ensaios de aptitude axustarase ao International Harmonised Protocol for the Proficiency Testing of (Chemical) Analytical Laboratories (referencia 3) elaborado baixo os auspicios de IUPAC/ISO/AOAC.

2.º Control de calidade interno. Os laboratorios deberán ser capaces de demostrar que adoptaron proce-

dementos para o control de calidade interno como, por exemplo, as ISO/AOAC/IUPAC Guidelines on Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories (referencia 4).

Referencias:

1. W Horwitz, *Evaluation of Analytical Methods for Regulation of Foods and Drugs*, Anal. Chem., 1982, 54, 67 A-76 A.
2. *European Commission Report on the relationship between analytical results, the measurement of uncertainty, recovery factors and the provisions in EU food legislation*, 2004.
(http://europa.eu.int/comm/food/food/chemicalsafety/contaminants/index_en.htm).
3. ISO/AOAC/IUPAC *International Harmonised Protocol for Proficiency Testing of (Chemical) Analytical Laboratories*, Edición de M. Thompson and R. Wood, Pure Appl. Chem. 1993, 65, 2123-2144 (publicado tamén en J. AOAC International, 1993, 76, 926).
4. ISO/AOAC/IUPAC *International Harmonised Guidelines for Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories*, Edición de M. Thompson e R. Wood, Pure Appl. Chem. 1995 67, 649-666.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

16092 REAL DECRETO 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne. («BOE» 233, do 29-9-2005.)

A cría de aves para produción de carne é na actualidade unha das actividades gandeiras máis importantes do noso país. A produción de carne de ave medrou de maneira continuada durante as últimas décadas e proliferaron explotacións avícolas con distintas orientacións e especializacións dentro do sector.

Ainda que predomina a produción de carne de polo criado en sistema convencional, coñecido como «broiler», hai que ter en conta outras formas de produción e a cría doutras especies, como o pavo, ou de especies alternativas de máis recente aparición, como as avestruces, sen esquecer as explotacións dedicadas á cría de aves para repoboación cinexética cuxo destino final pode ser o seu consumo tras a caza.

O crecemento e a diversificación deste sector gandeiro suscitan unha situación para a cal se fai necesaria unha norma que oriente e canalice a produción de maneira ordenada e que asegure a súa adecuada xestión produtiva e sanitaria. A elaboración desta norma foi posible, en gran medida, debido ao impulso dado polo propio sector avícola de carne, que puxo de manifesto a súa necesidade.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece, nos puntos 1 e 2 do seu artigo 36, que as explotacións de animais de nova instalación, ou a ampliación das existentes, deberán cumprir coas distancias mínimas que se establezan respecto a poboacións, estradas, camiños e outras explotacións ou instalacións que poidan representar unha posible fonte ou medio de contaxio de enfermidades, ademais de dispoñeren da autorización previa da autoridade competente e que as condicións sanitarias básicas que deben cumprir as explotacións de animais

serán as que estableza a normativa vixente. O obxecto principal deste real decreto é desenvolver regulamentariamente a devandita lei e establecer as normas de ordenación das explotacións avícolas para produción de carne.

Así mesmo, considérase adecuado adaptar esta regulación aos requisitos establecidos no Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros, e no Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e regula o plan sanitario avícola.

Para a súa elaboración tivéronse en conta criterios zootécnicos, de sanidade e benestar animal, de protección do ambiente e de mellora da calidade e sanidade dos produtos. No que se refire ao disposto no anexo I respecto ás condicións de benestar dos animais, tívose en conta a posibilidade da súa revisión, de ser o caso, á luz da experiencia e, en calquera caso, se a aprobación de normativa comunitaria na materia o fai necesario.

Igualmente, na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as normas de ordenación das explotacións avícolas para produción de carne, incluídas as condicións mínimas de localización, infraestrutura zootécnica e hixiénico-sanitaria, de manexo e de rexistro, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais e protección do ambiente.

2. Este real decreto será de aplicación ás explotacións en que se críen ou manteñan aves de curral para produción de carne, segundo se definen no artigo 2, directamente ou como reproductoras para a produción de carne.

3. Ás explotacións gandeiras especiais de tratantes ou operadores comerciais e aos centros de concentración de animais de ocio, de ensino e de investigación, definidas no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, só lles serán de aplicación os artigos 4.c), 5, 6, 7, 8.b), 8.e), 8.f), 9 e 11 deste real decreto.

Para os efectos deste punto, consideraranse tamén explotacións gandeiras especiais de tratantes ou operadores os comercios que compren e vendan pitos dun día de vida e outras aves de curral.

4. Aos matadoiros de aves só lles serán de aplicación os artigos 4.b).2.º, 4.c), 6, 7, 8.b), 8.e), 8.f), excepto a declaración censual prevista no parágrafo 3.º do artigo 8.e), así como os artigos 9 e 11.

5. Ás explotacións de aves cinexéticas para a solta ou repoboación só lles serán de aplicación os artigos 3, 4.c), 5, 6, 7, 8.b), 8.e), 8.f), 9, 11 e, de ser o caso, o 8.d).

6. Exceptúanse da aplicación deste real decreto:

a) As explotacións de autoconsumo segundo se definen no artigo 2.b).